



O PSdeG lémbra-lle a Mato que a Deputación pediu durante 2 anos reunións a Feijóo para falar das residencias e “nunca respondeu”

Concepción Burgo esixe á Xunta que “explique as verdadeiras razóns polas que rexeita apoiar o proxecto provincial, pois os argumentos que dá non valen: é mentira que a Deputación non quixera consenso co Goberno galego, e é mentira que as residencias en Lugo non sexan necesarias, nin prioritarias”

A deputada reclama que os compromisos de investimento que está a facer a conselleira para outros centros da terceira idade da provincia como os de Foz, Palas ou Baleira “sexan serios, e non un brinde ó sol, que finalmente queden en nada ou sexan insuficientes rematar as obras ou poñer en marcha as instalacións”

O PSdeG afirmou este mércores que a conselleira de Traballo, Beatriz Mato, “ou minte, ou non ten memoria”, porque a Deputación de Lugo solicitou de maneira reiterada reunións institucionais urxentes con Feijóo durante dous anos –entre 2010 e 2011- para falar do desenvolvemento da rede provincial de residencias e centros de día públicos, e o presidente da Xunta “nin sequera se dignou a responder”. Finalmente, lembrou a deputada autonómica Concepción Burgo, en decembro de 2011 foi a conselleira Mato a que recibiu ó presidente da Deputación “para comunicarlle a negativa do Goberno galego a concertar prazas nos seus centros, a pesar de que prometera facelo en dúas ocasións, unha delas 6 días antes das eleccións municipais, e alegando o sorprendente argumento de que este tipo de dotacións sociais non son necesarias, nin prioritarias na provincia de Lugo”.

Despois dese encontro coa titular de Traballo, a Deputación seguiu pedindo reunións con Feijóo “para falar do futuro da provincia: do centro de recría, de servizos sociais, emprego, infraestruturas, e tamén das residencias”. “Xa van 10 peticións en 7 anos e non hai resposta algunha”. “Como é posible que agora a conselleira diga que a Deputación non contou coa Xunta para planificar as residencias? É unha falacia inaceptable”, aseverou Burgo.

A parlamentaria esixe á dereita de Feijóo que explique ós lucenses “os verdadeiros motivos” polos que rexeita a iniciativa emprendida pola Deputación, “un proxecto público sólido, cun orzamento dispoñible de 15 millóns de euros, que xerará emprego, e que conta co apoio de Concellos da provincia de todas as cores políticas”, pois “os argumentos cos que trata de xustificarse están a caer polo seu propio peso, xa non valen”.

Deste xeito, argumentou a deputada socialista, “é mentira, como xa quedou demostrado, que a Deputación non quixera consensuar e planificar coa Xunta a rede provincial de residencias, xa que pediu durante dous anos reunións con Feijóo para abordala iniciativa, e nunca tivo resposta”, pero tampouco é certo, engadiu, que “as residencias non sexan necesarias, nin prioritarias, como se atreveu a dicir a conselleira Mato, cando Lugo é a provincia máis envellecida de Galicia e a que menos prazas residenciais ten”. O propio Goberno galego “estao a demostrar ó seguir concertando prazas en centros privados e ó comprometer investimentos para a construción de centros de maiores en varios concellos da provincia, como Foz, Palas ou Baleira”. Os veciños de Lugo “merecen saber por que esas residencias si, e no caso das que impulsa a Deputación, que lle pon enriba da mesa os

terreos e o orzamento para a súa construción, nin sequera se digna a falar delas e fai todo o posible para boicotealas”.

“Investimentos serios si, non un brindé ó sol”

Neste senso, Burgo quixo recalcar que o PSdeG “aplaude calquera compromiso de investimento cunhas dotacións sociais que, ó contrario da conselleira, consideramos que imprescindibles para o benestar dos lucenses, iso si, sempre e cando sexan compromisos serios e reais, non un brindé ó sol para tapar a súa mala xestión, para lavarse a cara, que finalmente queden en nada, sexan insuficientes para rematar as obras ou garantir o seu funcionamento, ou, como adoitan facer, acaben por empacar a outras administracións unhas competencias que son súas, obrigándolles a facer esforzos económicos inasumibles”. A deputada referiuse ó caso de Foz, para cuxa residencia Traballo soamente prevé 500.000 euros, “que chegarán pouco máis que para o movemento de terras”, e o de Palas e Baleira, nos que a consellería non concretou aínda “quen terá que asumir a xestión”.

Máis discriminación

A actitude “discriminatoria” da Xunta cos proxectos provinciais “non se queda aquí”, pois Feijóo “segue sen responder a ningunha das solicitudes de entrevista que lle leva realizado a Deputación dende o cambio de goberno, hai 7 anos, para falar do futuro da provincia, temas tan importantes como o primeiro centro de recría público en España, consensuar o cofinanciamento dos servizos sociais en todos os Concellos lucenses e a posta en marcha das políticas activas de emprego, a emigración, a caída demográfica ou o medio rural; a reindustrialización e facer unha política realista de transferencia da rede viaria pública”. Burgo insta ó Goberno de Feijóo a establecer un diálogo coa Deputación para impulsar actuacións en favor do progreso da provincia.

Lugo, 25 de setembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo